

ORZAMENTO PROVINCIAL 2026**PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO DE RRHH SOBRE O CADRO DE PERSOAL E RPTS**

Iniciado o trámite de elaboración do orzamento provincial do próximo exercicio e unha vez reunido coas vicepresidencias e deputados/as delegados/as de área sobre a valoración das peticións das distintas xefaturas de servizo e centros da Deputación Provincial, considerando as necesidades que se estiman prioritarias para mellorar a organización e funcionamento desta Institución e dos seus órganos de goberno, formulase a seguinte **PROPOSTA** de modificación do cadro de persoal e RPTs, na que se introducen unha serie de cambios organizativos e de xestión, orientados á consecución dunha maior eficacia na prestación de servizos, eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles e a correspondente adecuación do gasto, ademais de favorecer as lexítimas expectativas de mobilidade, promoción profesional e carreira administrativa do persoal ao servizo da Deputación Provincial. Ditos cambios detállanse a continuación:

1. PRINCIPE FELIPE 232

- Crear dúas prazas de técnico/a en educación do grupo A2, vinculadas a un posto de traballo de educador/a, con cargo a dúas prazas de técnico/a educativo do subgrupo C1, en base ao disposto no Decreto 329/2005, de 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, cuxo artigo 13.2.2 fixa unha porcentaxe de persoal educador/a en cada unidade de convivencia nas horas do día nas que os menores permanezan no Centro. Estas prazas créanse sobre as do subgrupo C1 que se declaran a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Crear unha praza de técnico auxiliar educación nocturna do subgrupo C1, vinculada a un posto de traballo de técnico especialista en educación nocturna, nivel 21, para atender a necesidade de asignar de xeito estable a cada centro de acollemento igual número de efectivos.
- Crear unha praza de técnico/a auxiliar de instalacións eléctricas, do subgrupo C1, vinculada a un posto de traballo de técnico/a especialista en instalación eléctrica e telecomunicacións, nivel 20, con cargo a unha de oficial/a electricista, con propósito de favorecer a promoción profesional do persoal e para que se encargue do mantemento tanto preventivo como correctivo das instalacións eléctricas de baixa tensión dos edificios e das súas zonas exteriores, así como das tarefas derivadas do Centro de atención ao usuario (CAU). Dita praza créase sobre outra do subgrupo C2 que se declara a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Crear unha praza de técnico/a auxiliar de carpintería, do subgrupo C1, vinculada a un posto de traballo de técnico/a especialista en carpintería, nivel 20, con cargo a unha praza de oficial de carpintería para favorecer a promoción profesional do persoal e poder asignarlle o desenvolvemento de tarefas especializadas ligadas á conservación dos edificios, redistribución de espazos, deseño e fabricación de todo tipo de mobles, incluídas as medicións do material preciso a súa execución etc. Dita praza créase sobre outra do subgrupo C2 que se



declara a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.

- Crear unha praza de oficial/a de cociña, do subgrupo C2, con posto de traballo de cociñeiro, nivel 18, co obxecto de poder garantir o correcto funcionamento desta Unidade, dando maior estabilidade ao persoal que se asume este tipo de tarefas.
- Amortizar unha praza de Psicólogo e oficial de Costura e Roupeiro, pola xubilación das persoas titulares e a necesidade de crear outras prazas para garantir un adecuado funcionamento do Centro.
- Amortizar dúas prazas de técnico/a auxiliar de educación diúrna, subgrupo C1, con postos de traballo de técnico especialista, nivel 21, coa intención de favorecer a promoción profesional do persoal técnico do subgrupo C1 e tendo en conta a necesidade de dotar o centro dun/ha educador/a en cada unidade de convivencia.
- Transformar o tres postos de traballo de diplomado de enfermería A2-23 en tres postos de enfermeiro/a por cambio de denominación e adecuación de funcións.
- Cambiar a adscrición do posto de traballo de coordinador/a técnico/a de tecnoloxías do Centro Príncipe Felipe ao Servizo de Novas Tecnoloxías, ao solicitar a persoa titular do posto a excedencia voluntaria por interese particular, e poder atender as incidencias que se produzan co persoal dese Servizo.
- Transformar o posto de responsable da Unidade de control e vixilancia C2-18, nun posto de traballo de oficial de control e vixilancia C2-17, por duplicidade, ao haberse creado o ano anterior ese mesmo posto no subgrupo C1.
- Transformar o posto de traballo de oficial/a albanel C2-17, nun posto de oficial de mantemento C2-17, con fin de adecuar a denominación ás funcións que está a desenvolver.
- Asinar a dedicación a dous postos de traballo de condutor/a do subgrupo C2, por equiparación aos demais condutores do servizo e para cubrir as quendas de traballo de mañá e tarde de luns a domingo, e así prescindir das autorizacións de horas fóra da xornada laboral.
- Asignar a perigosidade aos postos de encargado/a de despensa e oficial/a de almacén, pola realización de traballos que conlevan a manipulación de cargas e/ou cambios de temperatura etc.

2. PROMOCIÓN DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL 240

- Crear unha praza de técnico/a de admón. xeral, con posto de traballo de técnico/a de administración, nivel 25 de complemento de destino, en previsión da próxima xubilación da persoa titular da xefatura de Servizo, co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha vez que teña lugar a xubilación e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.

3. CULTURA 330

- Crear unha praza de técnico/a de admón. xeral, con posto de traballo de técnico/a de administración co nivel 25 de complemento de destino, en previsión da próxima xubilación da



persoa titular da xefatura de Servizo, co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha que teña lugar a xubilación e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.

4. PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO 332

- Integrar neste Servizo o posto de traballo de analista programador/a, A2-23, do Servizo de Novas Tecnoloxías, por redistribución de efectivos e co obxecto de atender as necesidades existentes neste Centro e no Museo Provincial.
- Transformar o posto de traballo de adxunto á xefatura de Servizo de Patrimonio Documental do subgrupo A1, nivel 27 nun posto de xefatura de Sección de Arquivos Centrais, nivel 26, por cambios na estrutura do persoal que conforma o Servizo.

5. MUSEO PROVINCIAL 333

- Crear unha praza de auxiliar de Rexistro C2-18, por necesidades estruturais no organigrama do Museo, debido ao elevado número de fondos de todo tipo e as continuas entradas e saídas que fan imprescindible dispoñer dun inventario actualizado.
- Crear unha praza de oficial/a de montaxe, do subgrupo C2, con posto de traballo de oficial/a de montaxe, nivel 17, en previsión da xubilación no ano 2026 da persoa que ocupa o posto de responsable de montaxe, co compromiso de amortizar no orzamento provincial do ano 2027 a praza que quede vacante.
- Transformar un postos de traballo de axudante/a de educación, nivel 23, nun posto de xefatura de negociado de Educación, A2-24, para que se encargue de coordinar ao grupo específico de persoas que traballan nesta Unidade e que actúe como intermediaria coa xefatura de Sección e asegure a execución dos traballos que correspondan a esta área de actividade.

6. SERVICIOS LINGÜÍSTICOS 334

- Amortizar unha praza de corrector/a de probas C1-22, con posto de traballo de xefatura de negociado, con motivo da xubilación do titular e a necesidade de crear outra praza para este Servizo.
- Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, co obxecto de poder reforzar o servizo con persoal administrativo e experiencia na revisión de textos e documentos que envían os Servizos.
- Amortizar unha praza de filólogo/a, do subgrupo A1, asociado a un posto de xefatura de Servizos Lingüísticos, que quedou vacante pola xubilación da persoa titular.
- Crear unha praza de técnico/a medio de normalización lingüística e xestión cultural, do subgrupo A2, vinculada a un posto de traballo de xefatura de Servizos Lingüísticos e lingua galega, dotado co nivel 26 de complemento de destino e co réxime de dedicación dentro do complemento específico, co fin de regularizar a estrutura de persoal e mellorar a súa organización e funcionamento.



- Transformar o posto de traballo de técnico/a medio/a de idioma galego nun posto de traballo de xefatura de Sección Servizos Lingüísticos para distribuír o traballo e coordinar, controlar e supervisar ao persoal técnico adscrito a este Servizo.

7. DEPORTES 340

- Crear unha praza de técnico/a de admón. xeral, con posto de traballo de igual denominación co nivel 25 de complemento de destino, en previsión da próxima xubilación da persoa titular da xefatura de Servizo e co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha que cause baixa e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.
- Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a, nivel 20, para reforzar as necesidades do servizo para a tramitación administrativa dos expedientes que corresponden a esta área de actividade.

8. ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREEIRO 413

- Crear unha praza de químico/a, subgrupo A1, con posto de traballo de técnico/a de edafoloxía, nivel 25, para poder reforzar a Sección de Edafoloxía dado o volume de traballo existente e a cantidade de mostras recibidas para análises de fertilidade e químicos foliares (cerca de 3000 análises por ano).
- Asignar a perigosidade aos postos de traballo da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, de enxeñeiro/a forestal, técnico/a en biotecnoloxía, técnico/a en saúde ambiental e técnico/a de calidade o factor de perigosidade, por importe de 785,30 € ano, en iguais condicións que os demais postos de perfil técnico deste centro pola súa exposición aos mesmos ou similares riscos.

9. INFRAESTRUTURAS 456

- Crear unha praza de oficial/a vixilante, subgrupo C2, con posto de traballo de axudante vixilante, ante a necesidade de incorporar novos efectivos que presten apoio e colaboración na labor que están a desenvolver os vixilantes.
- Crear unha praza de enxeñeiro/a de camiños, subgrupo A1, con posto de traballo de xefatura de Sección Conservación e Explotación, Zona Sur, nivel 26, para a equiparación de postos que veñen realizando as mesmas funcións. A praza créase sobre outra de enxeñeiro técnico A2 que se declara a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Amortizar unha praza de enxeñeiro/a de obras públicas, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación, nivel 25, para a promoción e cambio de situación das persoas titulares.
- Amortizar unha praza de auxiliar de campo, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 18, adscrito ao **Servizo de Infraestruturas**, que quedou vacante pola promoción da persoa titular.



- Amortizar dúas prazas vacantes de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas do subgrupo A2, con postos de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación nivel 25
- Cambiar a denominación do posto de traballo de xefatura de Sección de Seguridade Viaria por xefatura de Sección Centros operativos, Conservación e Explotación zona Centro, para adecuar a denominación ao contidos das súas funcións.
- Cambiar a denominación dun posto de traballo de xefatura de Sección de Proxectos e Obras, por xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Norte, para adecuar a denominación ao contidos das súas funcións.
- Cambiar a denominación dun posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación, por xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur, para adecuar a denominación ao contidos das súas funcións.
- Transformar un posto de oficial/a de infraestruturas C2-17, nun posto de xefe/a de brigada do mesmo subgrupo e nivel 18, co fin de poder cubrir o posto entre o persoal funcionario que pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación.
- Transformar unha praza de auxiliar de admón. xeral do subgrupo C2, nunha praza de administrativo/a do subgrupo C1 con posto de traballo de igual denominación co obxecto de reforzar as necesidades do servizo.
- Asignar a dispoñibilidade ao posto de traballo de xefatura de coordinación de brigadas nas mesmas condicións que o persoal das brigadas, para poder facer un seguimento das gardas e saídas de emerxencia fóra da xornada laboral ordinaria, así como poder inspeccionar os traballos das brigadas externas nas distintas estradas en horarios de mañá e tarde.
- Adscribir un posto de traballo de operario/a que se atopa vacante no Centro Príncipe Felipe, pola promoción do titular, ao Servizo de Infraestruturas, pasando a denominarse axudante/a de servizos Parque de Maquinaria, para que colabore co persoal do Parque nas labores de mantemento e conservación das instalacións que corresponda a súa categoría.

10. ARQUITECTURA E URBANISMO 457

- Crear unha praza de técnico auxiliar en instalacións eléctricas, do subgrupo C1, con posto de traballo de técnico especialista instalacións eléctricas, nivel 20, sen o concepto outros, con cargo a amortización doutra do mesmo subgrupo, ante a necesidade de cubrir ás tarefas que mais demandan os distintos centros e servizos, centradas no ámbito eléctrico e que requiren unha maior especialización neste ámbito de actuación.
- Amortizar unha praza de técnico/a auxiliar de mantemento do subgrupo C1, con posto de traballo de técnico especialista en mantemento nivel 20, pola xubilación do titular.

11. SECRETARÍA XERAL 920

- Crear unha praza de oficial de control e vixilancia, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación do subgrupo C1, con cargo a amortización dunha praza de encargado, do subgrupo C1, por unificación de todas as prazas deste subgrupo, mantendo a diferenza no posto de traballo a desempeñar (de oficial ou xefatura de Unidade).



- Amortizar unha praza de encargado/a de control e vixilancia, do subgrupo C1, pola xubilación do titular, manténdose o posto de traballo de xefatura de Unidade vinculado a un posto de oficial deste mesmo subgrupo.
- Asignar a dedicación a un posto de traballo de oficial/a de control e vixilancia, do subgrupo C2, do Pazo Provincial, a fin de poder cubrir as quendas de traballo establecidas en horario de mañá, tarde e noite.
- Crear catro prazas de condutor/a maquinista, do subgrupo C1, con posto de traballo de condutor do Parque Móbil, nivel 20, sen o concepto outros, para ao reclasificación do persoal e unificación de postos que están a desenvolver as mesmas funcións. Ditas prazas créanse sobre outras do subgrupo C2 que se declaran a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Amortizar catro prazas de condutor/a maquinista, do subgrupo C2, con posto de traballo de condutor do Parque Móbil, nivel 17, co obxecto de reclasificar ao persoal desta categoría e por equiparación funcións.
- Asignar a dedicación parcial a un posto de traballo de administrativo/a do Rexistro para poder garantir a atención á cidadanía no horario de tarde, de 17 a 19 horas e así evitar ter que autorizar a realización de traballos fóra da xornada laboral. Esta asignación efectúase en tanto non se cubran todos os postos desta Unidade con carácter definitivo ou provisional, debéndose, nese momento, reorganizar o servizo coas quendas de traballo que sexan precisas para poder manter a atención á cidadanía na quenda de tarde.
- Adscribir a Secretaría o posto de traballo de administrativo/a C1-20, ocupado DPC, co propósito de integralo na área de actividade na que desenvolve a súa actividade dende hai anos.

12. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL 923

- Trasladar un posto de traballo de administrativo/a, ocupado por D. José Ramón Rodríguez Fernández, do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, co obxecto de integrar ao persoal no Servizo onde ven desenvolvendo a súa actividade.
- Transformar a posto de técnico/a de xestión de asistencia intermunicipal nunha xefatura de Sección de Procesos Selectivos en Concellos, nivel 25, para que se encargue e responsabilice da organización e xestión de ditos procesos selectivos cando neles participa persoal provincial
- Integrar o posto de traballo de técnico/a de administración do Servizo de Turismo neste Servizo como adxunto/a á xefatura, coa finalidade de reforzar a prestación de servizos de asesoramento e asistencia técnica aos Concellos.

13. CONTRATACIÓN 922

- Crear unha praza de técnico/a medio/a de administración, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de negociado de patrimonio, nivel 24, co obxecto de reforzar a Sección de Xestión Patrimonial e en previsión da próxima xubilación dun funcionario de carreira deste



subgrupo, co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha vez que cause baixa por xubilación o titular e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.

– **COMUNICACIÓN 924**

- Asignar a dedicación parcial ao posto de oficial/a de imprenta do subgrupo C2, ocupado por SBL, por necesidades do servizo e pola dispoñibilidade que require o desempeño deste posto de traballo para levar a cabo os traballos que se encargan á Imprenta Provincial.
- Crear unha praza de técnico/a auxiliar en protocolo, do subgrupo C1, con posto de traballo de técnico especialista en protocolo, nivel 20, e co réxime de dedicación, con cargo á amortización dunha praza de técnico auxiliar en instalacións eléctricas do subgrupo C1, que se atopa vacante. A asignación da dedicación atopase xustificada na dispoñibilidade que require o desempeño do posto, xa que a maior parte dos actos que organiza a Deputación se desenvolven fóra da xornada laboral e en fins de semana, por toda a provincia, tendo que coordinar ao persoal de mantemento para a dotación de medios e preparación das presentacións, e incluso permanecer nas mesmas e resolver as incidencias que se poidan producir.

14. NOVAS TECNOLOXÍAS 926

- Crear unha praza de técnico/a soporte informático/a, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, para que se encargue das funcións de soporte informático nos centros remotos, maiormente no Museo de Pontevedra, Turismo, Escola de Enfermería e Arquivo.
- Transformar o posto de traballo de técnico nivel 3, do subgrupo C1, nun posto de xefatura de negociado de administración de base de datos C1-22 (ocupado por JAPC) co fin de adecuar a denominación do posto ao contido das funcións que se lle atribúen.
- Adscribir o posto de traballo de coordinador/a técnico/a de tecnoloxías do Centro Príncipe Felipe ao Servizo de Novas Tecnoloxías.
- Cambiar a adscripción do posto de analista programador/a, do subgrupo A2-23, ao Servizo de Patrimonio Documental co obxecto de integrar a persoa que ocupa o posto no centro onde desenvolve a súa actividade.

15. INTERVENCIÓN 931

- Asignar a xefatura de negociado de xestión orzamentaria, contabilidade e auditoría A2-24 ao posto de traballo de técnico/a de xestión orzamentaria, contabilidade e auditoría A2-23, polo volume de actividade que ten que asumir, a dificultade e complexidade das súas funcións e responsabilidades que se lle atribúen.



16. SERVIZO ORAL 932

- Crear tres prazas de técnico/a medio/a de xestión tributaria do subgrupo A2, vinculadas a postos de traballo de técnico/a medio/a de xestión tributaria, nivel 23, co fin de poder cubrir necesidades do servizo para a xestión, control e supervisión de todos os procedementos que afecten ás Seccións nas que se integran.
- Crear catro prazas de administrativo de admón. xeral rama tributaria, subgrupo C1, con postos de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, ante a insuficiente dotación de persoal para poder desenvolver as tarefas ordinarias das delegacións tributarias asumidas polo Oral.
- Amortizar catro prazas de auxiliar de admón. xeral, subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de xestión tributaria e información, debido á promoción interna das persoas titulares
- Amortizar dous postos de traballo de administrativo, do subgrupo C1, de niveis 20 e 22, adscritos ao Servizo Oral, un pola xubilación da persoa titular e outro polo pase do titular á situación administrativa de excedencia por interese particular.

17. COOPERACIÓN 942

- Crear dúas prazas de técnico/a medio/a de administración, subgrupo A2, con posto de traballo de técnico/a de xestión, debido á insuficiente dotación de persoal para a tramitación de todos os plans e programas que leva o Servizo, así como dos convenios de colaboración cos concellos ou a xestión das diferentes convocatorias financiadas pola Unión Europea, ademais de ter que atender a recente creación da Oficina de Transformación Comunitaria (OTC) e demais programas que xorden no marco da área de acción comunitaria.

18. VALORACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO ASOCIADOS ÁS PRAZAS DO GRUPO B

Valorados os postos de traballo asociados ao novo grupo B, determináronse as retribucións complementarias, conforme aos criterios establecidos nas Bases de aplicación de retribucións, calculándose o importe do complemento de destino, segundo o nivel que ocupa o posto de traballo dentro da organización administrativa, e o importe do complemento específico, segundo as características particulares dos postos de traballo e valoración que se detalla no seguinte cadro, desagregada por conceptos da seguinte forma:

Gr	Posto de traballo	CD	EDT		RESP		DED	PP	FC	CEA	Total CE
B	Técnico facultativo Posto base sen PP	21	2,15	3.014,99	2,40	3.365,57			1521,63	1.041,47	8.943,66
B	Técnico facultativo Posto base con PP	21	2,15	3.014,99	2,40	3.365,57		785,30	1521,63	1.041,47	9.728,96



B	Técnico/a facultativo, delineante, topógrafo	22	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80			1521,63	1.062,09	9.244,74
B	Técnico facultativo con dedic. e sen PP	22	2,15	3.014,99	2,40	3.365,57	9.676,01		1521,63	1.041,47	18.619,67
B	Técnico facultativo con cargo, con PP	23	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80		785,30	1521,63	1.062,09	10.030,04
B	Técnico facultativo con cargo, sen PP	23	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80			1521,63	1.062,09	9.244,74
B	Técnico facultativo con cargo e dedicación, sen PP	23	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80	9.956,47		1521,63	1.062,09	19.201,21
B	Técnico facultativo con cargo e dedicación, con PP	23	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80	9.956,47	785,30	1521,63	1.062,09	19.986,51

CD: Complemento de destino

EDT: Especial dificultade técnica

RESP: Responsabilidade

PP: Perigosidade, penosidade

FC: Factor correctivo

CEA: Complemento extra adicional, variable en función da suma dos subconceptos retributivos que integran o CE

De acordo con esta valoración os postos de traballo de analistas de laboratorio, técnicos/as de saúde ambiental, técnico/a en traballos forestais, técnico/a especialista en medio ambiente, técnico/a en edafoloxía, técnicos/as informáticos/as nivel 3 e deseñador/a gráfico/a pasan do 20 ao 21; os delineantes, técnico/a en operacións topográficas e programador/a e mantéñense no 22 e o posto de xefatura de negociado delineación e topografía cambia do 22 ao 23.

Asinado dixitalmente ao marxe.



ORZAMENTO PROVINCIAL 2026. PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO
2ª REUNIÓN MXN

Analizadas as alegación formuladas polos representantes de persoal, introdúcense os seguintes cambios sobre a proposta inicial no cadro de persoal, RPTs e Bases de aplicación de retribucións:

1. PRINCIPE FELIPE 232

- Asígnase a perigosidade aos postos de encargado/a de despensa e oficial/a de almacén, pola realización de traballos que conlevan a manipulación de cargas e/ou cambios de temperatura etc.

2. SECRETARÍA XERAL 920

- Créanse catro prazas de condutor/a maquinista, do subgrupo C1, con posto de traballo de condutor do Parque Móbil, nivel 20, sen o concepto outros, para ao reclasificación do persoal e unificación de postos que están a desenvolver as mesmas funcións. Ditas prazas créanse sobre outras do subgrupo C2 que se declaran a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Amortízanse catro prazas de condutor/a maquinista, do subgrupo C2, con posto de traballo de condutor do Parque Móbil, nivel 17, co obxecto de reclasificar ao persoal desta categoría e por equiparación funcións.
- Asígnanse a dedicación parcial a un posto de traballo de administrativo/a do Rexistro para poder garantir a atención á cidadanía no horario de tarde, de 17 a 19 horas e así evitar ter que autorizar a realización de traballos fóra da xornada laboral.
- Adscríbese a Secretaría o posto de traballo de administrativo/a C1-20, ocupado DPC, co fin de integrala na área de actividade na que desenvolve a súa actividade dende hai anos.

– COMUNICACIÓN 924

- Asígnase a dedicación parcial ao posto de oficial/a de imprenta do subgrupo C2, ocupado por SBL, por necesidades do servizo e pola dispoñibilidade que require o desempeño deste posto de traballo para levar a cabo os traballos que se encargan á Imprenta Provincial.
- Crease unha praza de técnico/a auxiliar en protocolo, do subgrupo C1, con posto de traballo de técnico especialista en protocolo, nivel 20, e co réxime de dedicación, con cargo á amortización dunha praza de técnico auxiliar en instalacións eléctricas do subgrupo C1, que se atopa vacante. A asignación da dedicación atopase xustificada na dispoñibilidade que require o desempeño do posto, xa que a maior parte dos actos que organiza a Deputación se desenvolven fóra da xornada laboral e en fins de semana, por toda a provincia, tendo que coordinar ao persoal de mantemento para a dotación de medios e preparación das presentacións, e incluso permanecer nas mesmas para resolver as incidencias que se poidan producir.



3. INFRAESTRUTURAS 456

- Transformase unha praza de auxiliar de admón. xeral do subgrupo C2, nunha praza de administrativo/a do subgrupo C1 con posto de traballo de igual denominación co obxecto de reforzar as necesidades do servizo.
- Asignase a dispoñibilidade ao posto de traballo de xefatura de coordinación de brigadas nas mesmas condicións que o persoal das brigadas, para poder facer un seguimento das gardas e saídas de emerxencia fóra da xornada laboral ordinaria, así como poder inspeccionar os traballos das brigadas externas nas distintas estradas en horarios de mañá e tarde.
- Adscribese un posto de traballo de operario/a que se atopa vacante no Centro Príncipe Felipe, pola promoción do titular, ao Servizo de Infraestruturas, pasando a denominarse axudante/a de servizos Parque de Maquinaria.

SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

- A praza de nova creación do subgrupo A2 para o Servizo Lingüístico denomínase técnico/a medio de normalización lingüística e xestión cultural, a cal vincúlase ao posto de xefatura de Servizo A2-25 co factor dedicación, en iguais condicións que a anterior.

GRUPO B

- Asígnanse aos postos de traballo clasificados no grupo B os niveis de complemento de destino que se detallan no seguinte cadro, segundo o cargo que desempeñen:

Gr	Posto de traballo	CD inicial	CD definitivo
B	Técnico/a facultativo, posto base sen perigosidade ou penosidade (PP)	21	21
B	Técnico/a facultativo, posto base e con PP	21	21
B	Técnico/a facultativo, delineante, topógrafo/a	22	22
B	Técnico/a facultativo, posto base, con dedicación e sen PP	22	22
B	Técnico/a facultativo con cargo e sen PP	22	23
B	Técnico/a facultativo con cargo e con PP	22	23
B	Técnico/a facultativo con cargo e dedicación, sen PP	22	23
B	Técnico/a facultativo con cargo e dedicación, con PP	22	23

De acordo con esta valoración os postos de traballo de analistas de laboratorio, técnicos/as de saúde ambiental, técnico/a en traballos forestais, técnico/a especialista en medio ambiente, técnico/a en edafoloxía, técnicos/as informáticos/as nivel 3 e deseñador/a gráfico/a pasan do 20



ao 21; os delineantes, técnico/a en operacións topográficas e programador/a e mantéñense no 22 e o posto de xefatura de negociado delineación e topografía pasa do 22 ao 23.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA - ***4916**
Cargo: Deputado delegado
Data: 27/10/2025 13:52



ORZAMENTO PROVINCIAL 2026**PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO DE RRHH SOBRE O CADRO DE PERSOAL E RPTS**

Iniciado o trámite de elaboración do orzamento provincial do próximo exercicio e unha vez reunido coas vicepresidencias e deputados/as delegados/as de área sobre a valoración das peticións das distintas xefaturas de servizo e centros da Deputación Provincial, considerando as necesidades que se estiman prioritarias para mellorar a organización e funcionamento desta Institución e dos seus órganos de goberno, formulase a seguinte **PROPOSTA** de modificación do cadro de persoal e RPTs, na que se introducen unha serie de cambios organizativos e de xestión, orientados á consecución dunha maior eficacia na prestación de servizos, eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles e a correspondente adecuación do gasto, ademais de favorecer as lexítimas expectativas de mobilidade, promoción profesional e carreira administrativa do persoal ao servizo da Deputación Provincial. Ditos cambios detállanse a continuación:

1. PRINCIPE FELIPE 232

- Crear dúas prazas de técnico/a en educación do grupo A2, vinculadas a un posto de traballo de educador/a, con cargo a dúas prazas de técnico/a educativo do subgrupo C1, en base ao disposto no Decreto 329/2005, de 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, cuxo artigo 13.2.2 fixa unha porcentaxe de persoal educador/a en cada unidade de convivencia nas horas do día nas que os menores permanezan no Centro. Estas prazas créanse sobre as do subgrupo C1 que se declaran a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Crear unha praza de técnico auxiliar educación nocturna do subgrupo C1, vinculada a un posto de traballo de técnico especialista en educación nocturna, nivel 21, para atender a necesidade de asignar de xeito estable a cada centro de acollemento igual número de efectivos.
- Crear unha praza de técnico/a auxiliar de instalacións eléctricas, do subgrupo C1, vinculada a un posto de traballo de técnico/a especialista en instalación eléctrica e telecomunicacións, nivel 20, con cargo a unha de oficial/a electricista, con propósito de favorecer a promoción profesional do persoal e para que se encargue do mantemento tanto preventivo como correctivo das instalacións eléctricas de baixa tensión dos edificios e das súas zonas exteriores, así como das tarefas derivadas do Centro de atención ao usuario (CAU). Dita praza créase sobre outra do subgrupo C2 que se declara a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Crear unha praza de técnico/a auxiliar de carpintería, do subgrupo C1, vinculada a un posto de traballo de técnico/a especialista en carpintería, nivel 20, con cargo a unha praza de oficial de carpintería para favorecer a promoción profesional do persoal e poder asignarlle o desenvolvemento de tarefas especializadas ligadas á conservación dos edificios, redistribución de espazos, deseño e fabricación de todo tipo de mobles, incluídas as medicións do material preciso a súa execución etc. Dita praza créase sobre outra do subgrupo C2 que se



declara a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.

- Crear unha praza de oficial/a de cociña, do subgrupo C2, con posto de traballo de cociñeiro, nivel 18, co fin de poder garantir o correcto funcionamento desta Unidade, dando maior estabilidade ao persoal que se asume este tipo de tarefas.
- Amortizar unha praza de Psicólogo e oficial de Costura e Roupeiro, pola xubilación das persoas titulares e a necesidade de crear outras prazas para garantir un adecuado funcionamento do Centro.
- Amortizar dúas prazas de técnico/a auxiliar de educación diúrna, subgrupo C1, con postos de traballo de técnico especialista, nivel 21, con fin de favorecer a promoción profesional do persoal técnico do subgrupo C1 e na necesidade de dotar o centro dun/ha educador/a en cada unidade de convivencia.
- Transformar o tres postos de traballo de diplomado de enfermería A2-23 en tres postos de enfermeiro/a por cambio de denominación e adecuación de funcións.
- Cambiar a adscrición do posto de traballo de coordinador/a técnico/a de tecnoloxías do Centro Príncipe Felipe ao Servizo de Novas Tecnoloxías, ao solicitar a persoa titular do posto a excedencia voluntaria por interese particular, e poder atender as incidencias que se produzan co persoal dese Servizo.
- Transformar o posto de responsable da Unidade de control e vixilancia C2-18, nun posto de traballo de oficial de control e vixilancia C2-17, por duplicidade, ao haberse creado o ano anterior ese mesmo posto no subgrupo C1.
- Transformar o posto de traballo de oficial/a albanel C2-17, nun posto de oficial de mantemento C2-17, con fin de adecuar a denominación ás funcións que está a desenvolver.
- Asinar a dedicación a dous postos de traballo de condutor/a do subgrupo C2, por equiparación aos demais condutores do servizo e para cubrir as quendas de traballo de mañá e tarde de luns a domingo, e así prescindir das autorizacións de horas fóra da xornada laboral.

2. PROMOCIÓN DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL 240

- Crear unha praza de técnico/a de admón. xeral, con posto de traballo de técnico/a de administración, nivel 25 de complemento de destino, en previsión da próxima xubilación da persoa titular da xefatura de Servizo, co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha vez que teña lugar a xubilación e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.

3. CULTURA 330

- Crear unha praza de técnico/a de admón. xeral, con posto de traballo de técnico/a de administración co nivel 25 de complemento de destino, en previsión da próxima xubilación da persoa titular da xefatura de Servizo, co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha que que teña lugar a xubilación e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.



4. PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO 332

- Integrar neste Servizo o posto de traballo de analista programador/a, A2-23, do Servizo de Novas Tecnoloxías, por redistribución de efectivos e co obxecto de atender as necesidades existentes neste Centro e no Museo Provincial.
- Transformar o posto de traballo de adxunto á xefatura de Servizo de Patrimonio Documental do subgrupo A1, nivel 27 nun posto de xefatura de Sección de Arquivos Centrais, nivel 26, por cambios na estrutura do persoal que conforma o Servizo.

5. MUSEO PROVINCIAL 333

- Crear unha praza de auxiliar de Rexistro C2-18, por necesidades estruturais no organigrama do Museo, debido ao elevado número de fondos de todo tipo e as continuas entradas e saídas que fan imprescindible dispoñer dun inventario actualizado.
- Crear unha praza de oficial/a de montaxe, do subgrupo C2, con posto de traballo de oficial/a de montaxe, nivel 17, en previsión da xubilación no ano 2026 da persoa que ocupa o posto de responsable de montaxe, co compromiso de amortizar no orzamento provincial do ano 2027 a praza que quede vacante.
- Transformar un postos de traballo de axudante/a de educación, nivel 23, nun posto de xefatura de negociado de Educación, A2-24, para que se encargue de coordinar ao grupo específico de persoas que traballan nesta Unidade e que actúe como intermediaria coa xefatura de Sección e asegure a execución dos traballos que correspondan a esta área de actividade.

6. SERVICIOS LINGÜÍSTICOS 334

- Amortizar unha praza de corrector/a de probas C1-22, con posto de traballo de xefatura de negociado, con motivo da xubilación do titular e a necesidade de crear outra praza para este Servizo.
- Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, co obxecto de poder reforzar o servizo con persoal administrativo e experiencia na revisión de textos e documentos que envían os Servizos.
- Transformar o posto de traballo de técnico/a medio/a de idioma galego nun posto de traballo de xefatura de Sección **Servizos Lingüísticos** para distribuír o traballo e coordinar, controlar e supervisar ao persoal técnico adscrito a este Servizo.
- Amortizar unha praza de filólogo/a, do subgrupo A1, asociado a un posto de xefatura de Servizos Lingüísticos, que quedou vacante pola xubilación da persoa titular.
- Crear unha praza de técnico/a medio en lingua galega e xestión cultural, do subgrupo A2, vinculada a un posto de traballo de xefatura de Servizos Lingüísticos e lingua galega, dotado co nivel 26 de complemento de destino, co fin de regularizar a estrutura de persoal e mellorar a súa organización e funcionamento.



7. DEPORTES 340

- Crear unha praza de técnico/a de admón. xeral, con posto de traballo de igual denominación co nivel 25 de complemento de destino, en previsión da próxima xubilación da persoa titular da xefatura de Servizo e co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha que cause baixa e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.
- Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a, nivel 20, para reforzar as necesidades do servizo para a tramitación administrativa dos expedientes que corresponden a esta área de actividade.

8. ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREEIRO 413

- Crear unha praza de químico/a, subgrupo A1, con posto de traballo de técnico/a de edafoloxía, nivel 25, para poder reforzar a Sección de Edafoloxía dado o volume de traballo existente e a cantidade de mostras recibidas para análises de fertilidade e químicos foliares (cerca de 3000 análises por ano).
- Asignar a perigosidade aos postos de traballo da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, de enxeñeiro/a forestal, técnico/a en biotecnoloxía, técnico/a en saúde ambiental e técnico/a de calidade o factor de perigosidade, por importe de 785,30 € ano, en iguais condicións que os demais postos de perfil técnico deste centro pola súa exposición aos mesmos ou similares riscos.

9. INFRAESTRUTURAS 456

- Crear unha praza de oficial/a vixilante, subgrupo C2, con posto de traballo de axudante vixilante, ante a necesidade de incorporar novos efectivos que presten apoio e colaboración na labor que están a desenvolver os vixilantes.
- Crear unha praza de enxeñeiro/a de camiños, subgrupo A1, con posto de traballo de xefatura de Sección Conservación e Explotación, Zona Sur, nivel 26, para a equiparación de postos que veñen realizando as mesmas funcións. A praza créase sobre outra de enxeñeiro técnico A2 que se declara a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- Amortizar unha praza de enxeñeiro/a de obras públicas, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación, nivel 25, para a promoción e cambio de situación das persoas titulares.
- Amortizar unha praza de auxiliar de campo, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 18, adscrito ao **Servizo de Infraestruturas**, que quedou vacante pola promoción da persoa titular.
- Amortizar dúas prazas vacantes de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas do subgrupo A2, con postos de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación nivel 25



- Cambiar a denominación do posto de traballo de xefatura de Sección de Seguridade Viaria por xefatura de Sección Centros operativos, Conservación e Explotación zona Centro, para adecuar a denominación ao contidos das súas funcións.
- Cambiar a denominación dun posto de traballo de xefatura de Sección de Proxectos e Obras, por xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Norte, para adecuar a denominación ao contidos das súas funcións.
- Cambiar a denominación dun posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación, por xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur, para adecuar a denominación ao contidos das súas funcións.
- Transformar un posto de oficial/a de infraestruturas C2-17, nun posto de xefe/a de brigada do mesmo subgrupo e nivel 18, co fin de poder cubrir o posto entre o persoal funcionario que pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación.

10. ARQUITECTURA E URBANISMO 457

- Crear unha praza de técnico auxiliar en instalacións eléctricas, do subgrupo C1, con posto de traballo de técnico especialista instalacións eléctricas, nivel 20, sen o concepto outros, con cargo a amortización doutra do mesmo subgrupo, ante a necesidade de cubrir ás tarefas que mais demandan os distintos centros e servizos, centradas no ámbito eléctrico e que requiren unha maior especialización neste ámbito de actuación.
- Amortizar unha praza de técnico/a auxiliar de mantemento do subgrupo C1, con posto de traballo de técnico especialista en mantemento nivel 20, pola xubilación do titular.

11. SECRETARÍA XERAL 920

- Crear unha praza de oficial de control e vixilancia, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación do subgrupo C1, con cargo a amortización dunha praza de encargado, do subgrupo C1, por unificación de todas as prazas deste subgrupo, mantendo a diferenza no posto de traballo a desempeñar (de oficial ou xefatura de Unidade).
- Amortizar unha praza de encargado/a de control e vixilancia, do subgrupo C1, pola xubilación do titular, manténdose o posto de traballo de xefatura de Unidade vinculado a un posto de oficial deste mesmo subgrupo.
- Asignar a dedicación a un posto de traballo de oficial/a de control e vixilancia, do subgrupo C2, do Pazo Provincial, a fin de poder cubrir as quendas de traballo establecidas en horario de mañá, tarde e noite.

12. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL 923

- Trasladar un posto de traballo de administrativo/a, ocupado por D. José Ramón Rodríguez Fernández, do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, coa finalidade de integrar ao persoal no Servizo onde ven desenvolvendo a súa actividade.



- Transformar a posto de técnico/a de xestión de asistencia intermunicipal nunha xefatura de Sección de Procesos Selectivos en Concellos, nivel 25, para que se encargue e responsabilice da organización e xestión de ditos procesos selectivos cando neles participa persoal provincial
- Integrar o posto de traballo de técnico/a de administración do Servizo de Turismo neste Servizo como adxunto/a á xefatura, coa finalidade de reforzar a prestación de servizos de asesoramento e asistencia técnica aos Concellos.

13. CONTRATACIÓN 922

- Crear unha praza de técnico/a medio/a de administración, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de negociado de patrimonio, nivel 24, co obxecto de reforzar a Sección de xestión patrimonial e en previsión da próxima xubilación dun funcionario deste subgrupo, co compromiso de amortizar a praza que quede vacante unha vez que teña lugar a xubilación e se cubra a praza de nova creación a través do procedemento regulamentario.

14. NOVAS TECNOLOXÍAS 926

- Crear unha praza de técnico/a soporte informático/a, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, para que se encargue das funcións de soporte informático nos centros remotos, maiormente no Museo de Pontevedra, Turismo, Escola de Enfermería e Arquivo.
- Transformar o posto de traballo de técnico nivel 3, do subgrupo C1, nun posto de xefatura de negociado de administración de base de datos C1-22 (ocupado por JAPC) co fin de adecuar a denominación do posto ao contido das funcións que se lle atribúen.
- Adscribir o posto de traballo de coordinador/a técnico/a de tecnoloxías do Centro Príncipe Felipe ao Servizo de Novas Tecnoloxías.
- Cambiar a adscrición do posto de analista programador/a, do subgrupo A2-23, ao Servizo de Patrimonio Documental co obxecto de integrar a persoa que ocupa o posto no centro onde desenvolve a súa actividade.

15. INTERVENCIÓN 931

- Asignar a xefatura de negociado de xestión orzamentaria, contabilidade e auditoría A2-24 ao posto de traballo de técnico/a de xestión orzamentaria, contabilidade e auditoría A2-23, polo volume de actividade que ten que asumir, a dificultade e complexidade das súas funcións e responsabilidades que se lle atribúen.

16. SERVIZO ORAL 932

- Crear tres prazas de técnico/a medio/a de xestión tributaria do subgrupo A2, vinculadas a postos de traballo de técnico/a medio/a de xestión tributaria, nivel 23, co fin de poder cubrir



necesidades do servizo para a xestión, control e supervisión de todos os procedementos que afecten ás Seccións nas que se integran.

- Crear catro prazas de administrativo de admón. xeral rama tributaria, subgrupo C1, con postos de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, ante a insuficiente dotación de persoal para poder desenvolver as tarefas ordinarias das delegacións tributarias asumidas polo Oral.
- Amortizar catro prazas de auxiliar de admón. xeral, subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de xestión tributaria e información, debido á promoción interna das persoas titulares
- Amortizar dous postos de traballo de administrativo, do subgrupo C1, de niveis 20 e 22, adscritos ao Servizo Oral, un pola xubilación da persoa titular e outro polo pase do titular á situación administrativa de excedencia por interese particular.

17. COOPERACIÓN 942

- Crear dúas prazas de técnico/a medio/a de administración, subgrupo A2, con posto de traballo de técnico/a de xestión, debido á insuficiente dotación de persoal para a tramitación de todos os plans e programas que leva o Servizo, así como dos convenios de colaboración cos concellos ou a xestión das diferentes convocatorias financiadas pola Unión Europea, ademais de ter que atender a recente creación da Oficina de Transformación Comunitaria (OTC) e demais programas que xorden no marco da área de acción comunitaria.

18. VALORACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO ASOCIADOS ÁS PRAZAS DO GRUPO B

Valorados os postos de traballo asociados ao novo grupo B, determináronse as retribucións complementarias, conforme aos criterios establecidos nas Bases de aplicación de retribucións, calculándose o importe do complemento de destino, segundo o nivel que ocupa o posto de traballo dentro da organización administrativa, e o importe do complemento específico, segundo as características particulares dos postos de traballo e valoración que se detalla no seguinte cadro, desagregada por conceptos da seguinte forma:

Gr	Posto de traballo	CD	EDT		RESP		DED	PP	FC	CEA	Total CE
B	Técnico facultativo Posto base sen PP	21	2,15	3.014,99	2,40	3.365,57			1521,63	1.041,47	8.943,66
B	Técnico facultativo Posto base con PP	21	2,15	3.014,99	2,40	3.365,57		785,30	1521,63	1.041,47	9.728,96
B	Técnico facultativo con cargo, sen PP	22	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80			1521,63	1.062,09	9.244,74



B	Técnico facultativo con cargo, con PP	22	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80		785,30	1521,63	1.062,09	10.030,04
B	Técnico facultativo con dedic. e sen PP	22	2,15	3.014,99	2,40	3.365,57	9.676,01		1521,63	1.041,47	18.619,67
B	Técnico facultativo con cargo e dedicación, sen PP	22	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80	9.956,47		1521,63	1.062,09	19.201,21
B	Técnico facultativo con cargo e dedicación, con PP	22	2,25	3.155,22	2,50	3.505,80	9.956,47	785,30	1521,63	1.062,09	19.986,51

CD: Complemento de destino

EDT: Especial dificultade técnica

RESP: Responsabilidade

PP: Perigosidade, penosidade

FC: Factor correctivo

CEA: Complemento extra adicional, variable en función da suma dos subconceptos retributivos que integran o CE

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA - ***4916**
Cargo: Deputado delegado
Data: 27/10/2025 13:52

